



Guía Docente				
Datos Identificativos			2018/19	
Asignatura (*)	Practicum I		Código	652G02033
Titulación				
Descriptor				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	9
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en EducaciónPedagogía e DidácticaPsicología			
Coordinación	Gómez Sánchez, Tania Fátima	Correo electrónico	tania.fatima.gomez.sanchez@udc.es	
Profesorado	Castro Rodríguez, Mª Montserrat	Correo electrónico	maria.castror@udc.es	
	Cotelo Guerra, Dolores		dolores.cotelo@udc.es	
	Estévez Blanco, Iris		iris.estevezb@udc.es	
	Gonzalez Seijas, Rosa Maria		rosa.maria.gonzalez.seijas@udc.es	
	Iglesias Salvado, Jose Luis		jose.luis.iglesias@udc.es	
	Lorenzo Castiñeiras, Juan J.		j.lorenzo.castineiras@udc.es	
	Muriano Rodríguez, María Montserrat		montserrat.muriano@udc.es	
	Pardo de Neyra Fernández-Couso, Xulio		xulio.pardodeneyra@udc.es	
	Rego Agraso, Laura		laura.rego@udc.es	
	Rivas Barros, Isabel		isabel.rivas@udc.es	
	Rodicio Garcia, Maria Luisa		m.rodicio@udc.es	
	Rumbo Arcas, Maria Begoña		begona.rumbo@udc.es	
Web	www.educacion.udc.es/index.php?pagina=practicum			



Descrición xeral	CORREO-E: practicum.educacion@udc.es CRÉDITOS E PRESENCIALIDADE Dos 9 créditos da materia (225 horas), o 55% son de carácter presencial (135 horas) e o 45% de carácter non-presencial ou de traballo autónomo (90 horas). Das 135 horas de carácter presencial, 125 horas desenvolveranse nas institucións colaboradoras (30 horas semanais), e as 10 horas restantes dedicaranse a sesións informativas e titorías na Facultade. Durante o desenvolvemento do Prácticum I suspenderase a docencia no resto das materias correspondentes ao segundo cuatrimestre do terceiro curso da titulación. CONTEXTUALIZACIÓN No curso 2009/10 iniciabamos o proceso de implantación duns novos plans de estudo acordes cos requirimentos do Espazo Europeo de Educación Superior, posto en marcha no ano 1999 coa Declaración de Bolonia. Esta declaración salientaba a importancia de reforzar o trinomio investigación-innovación-educación, para o que se propoñía como un fin básico mellorar a formación nos contextos das diferentes prácticas profesionais que a nosa lexislación recolle do seguinte xeito: ¿Os títulos de grao teñen como finalidade a obtención por parte do alumnado dunha formación xeral, nunha ou varias disciplinas, orientada á preparación para o exercicio de actividades de carácter profesional? (art. 9.1), de tal maneira que considera a posibilidade de establecer prácticas externas que virían ¿reforzar o compromiso coa empregabilidade dos futuros graduados e graduadas, enriquecer a formación? [e] proporcionar un coñecemento máis profundo acerca das competencias que necesitará? (preámbulo do RD 1393/2007, de 29 de outubro, de ordenación das ensinanzas universitarias oficiais). O propósito central da materia denominada Prácticum non será só poñer en relación a formación adquirida cos diferentes contextos profesionais propios da educación do século XXI, para facilitar que o estudantado tome conciencia dos aspectos básicos das prácticas profesionais. Tamén se lle asignará un papel chave na formulación de problemas e cuestións importantes necesarias á hora da investigación, co obxecto de situar a práctica profesional no centro da formación e como elemento para ter en conta na organización do currículo. Trátase de que a reflexión sobre a práctica converta esa experiencia en fonte de aprendizaxe, incrementa a capacidade de aprender con autonomía e potencia a aprendizaxe reflexiva para avanzar na construción do propio coñecemento, tomar decisións, innovar, buscar recursos e traballar en rede, competencias básicas para as novas titulacións de grao que responden ás esixencias da educación do século XXI.
-------------------------	--

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Coñecer a organización dos centros en que se imparten educación primaria e a diversidade de accións que comprende o seu funcionamento.	A11	B2	
	A68	B7	
Coñecer formas de colaboración cos distintos sectores da comunidade educativa e do contorno social	A61	B18	
	A68	B23	
Observar a actividade docente e aprender a saber facer, reflexionando desde e sobre a práctica, e asumir a necesidade de ir perfeccionándose e adaptándose aos cambios científicos, pedagóxicos e sociais	A9	B16	C4
	A65	B17	
		B21	
		B25	
Relacionar teoría e práctica coa realidade da aula e do centro, aplicando un pensamento crítico, lóxico e creativo	A63	B1	C7
	A64	B3	
		B14	
		B15	
		B22	



Reflexionar sobre as propostas de mellora nos distintos ámbitos de actuación que se poidan establecer nun centro	A66		C3 C4 C8
Comportarse con ética e responsabilidade social, como profesional dun centro educativo		B6 B17	
Saber elaborar discursos coherentes e organizados, así como expoñer ideas de forma oral e por escrito		B8 B9 B24	C1

Contidos	
Temas	Subtemas
A organización das institucións educativas	- Os órganos de goberno do centro e os órganos de coordinación das actividades que nel se desenvolven - O réxime de funcionamento do centro: proxectos, programas, plans, horarios etc. - A cultura do centro escolar
O coñecemento do currículo e a súa concreción como paso previo á intervención na educación primaria	- Os niveis de concreción: Decreto de currículo, programación de ciclo e programación de aula - As unidades didácticas, os centros de interese, os proxectos de aprendizaxe etc., como elementos chave do proceso formativo de aprendizaxe etc.
A xestión da aula na educación primaria como marco de referencia para un desenvolvemento integral dos nenos de 6-12 anos	- Principios e procedementos didácticos propios da etapa - Culturas escolares e procesos de comunicación emerxentes nas aulas - Usos críticos dos recursos e materiais curriculares na educación primaria - A titoría (individual/grupal) como elemento dinamizador e de conexión entre os centros e as familias - A avaliación de aprendizaxes como avaliación educativa e auténtica
A reflexión sobre a práctica observada como ferramenta para a innovación e a mellora	- O interese pola avaliación do currículo deseñado e desenvolvido - Técnicas e estratexias de recollida de información para a reflexión sobre a práctica tomando como referencia os discursos dos mestres e dos alumnos - A elaboración de informes científicos portadores de liñas de mellora contextualizadas

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Saídas de campo	A9 A11 A61 A63 A64 A65 A66 A68 B1 B2 B3 B6 B7 B8 B9 B14 B15 B17 B18 B24 B25 C4 C7	125	0	125
Seminario	A9 A64 B1 B3 B9 B15 B21 B22 C1	8	0	8
Análise de fontes documentais	A64 B1 B15	0	10	10
Portafolios do alumno	A9 A64 A66 B1 B3 B6 B8 B9 B15 B16 B17 B22 B23 B25 C1 C3 C7 C8	0	80	80
Atención personalizada		2	0	2



*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Saídas de campo	CONSTITÚEN AS PRÁCTICAS PEDAGÓXICAS: 125 horas de permanencia na institución educativa durante as cales se realizarán tarefas de observación, análise de casos, colaboración en accións educativas cos profesionais da propia institución etc.
Seminario	1. Sesión informativa inicial (2 horas). Información xeral para comentar e precisar a Guía docente, así como as pautas de carácter xeral, e orientar o alumnado acerca da súa decisión á hora de elixir institución colaboradora. Tamén se explicarán as funcións das diferentes persoas que van a titorizar o Prácticum. 2. Selección de centro (2 horas). 3. Un mínimo de dous seminarios de tutoría obligatoria durante o Prácticum co profesorado titor (6 horas). - Antes de incorporarse ao centro de prácticas o profesorado de Prácticum, na data que se establecer, orientará o alumnado que titoriza cando menos sobre as seguintes cuestións: documentos que debe incluír no portafolios, lecturas imprescindibles e datas de entrega dos traballos solicitados, cronograma dos seminarios e calquera outra suxestión que estimar oportuna. - A segunda (ou posteriores) serán convocadas polo titor e tratarán as seguintes temáticas: Posta en común do traballo realizado ata o momento polo alumnado asignado a un/ha mesmo/a titor/a co fin de revisar a planificación proposta, formular e resolver as posibles necesidades e/ou conflitos percibidos. Trátase de seleccionar e analizar conxuntamente situacións ou procesos representativos do decorrer da práctica profesional. Asimesmo tratarase a Avaliación, para responder as dúbidas do alumnado que se titoriza no tocante aos documentos solicitados.
Análise de fontes documentais	Empregaranse documentos bibliográficos relevantes sobre os diferentes contidos a que o Prácticum I dá prioridade, como base para a análise e a reflexión sobre a diversidade de experiencias con que se entre en contacto nas institución educativas. É imprescindible entender a relación teoría-práctica e atender aos múltiples factores que inciden no desenvolvemento da intervención educativa, co obxecto de favorecer a construción dunha visión crítica das distintas formas de interpretar a realidade educativa.
Portafolios do alumno	Ver documentos anexos

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Saídas de campo	O titor/a do centro supervisará e orientará o traballo de observación e recollida de información do alumnado durante a súa permanencia no centro.
Seminario	- O/a Titor/a da Facultade realizará un primeiro contacto obrigatorio, previo á incorporación do alumnado ao centro. Este contacto servirá para constatar a recepción da documentación, comunicar a incorporación do alumnado e ultimar os trámites e acordos que foren necesarios.
Portafolios do alumno	
Análise de fontes documentais	-O/a Titor/a da Facultade realizará os contactos que estime oportunos e necesarios co titor/a do centro durante o período do Practicum para o mellor desenvolvemento do mesmo.
	Alén dos seminarios de seguimento do Practicum, o profesorado titor da Facultade estará dispoñible no horario de tutorías.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
			0



Saídas de campo	A9 A11 A61 A63 A64 A65 A66 A68 B1 B2 B3 B6 B7 B8 B9 B14 B15 B17 B18 B24 B25 C4 C7	O/a titor/a da institución colaboradora realizará a avaliación da implicación e actuación do alumnado no centro/aula.	45
			0
Seminario	A9 A64 B1 B3 B9 B15 B21 B22 C1	O/a titor/a da Facultade avaliará a participación do alumnado nos seminarios cos seguintes criterios: - Asistencia a todas as sesións presenciais - Calidade das achegas á hora de expresar dúbidas razoables, expoñer ideas enriquecedoras e compartir experiencias de interese etc.	10
Portafolios do alumno	A9 A64 A66 B1 B3 B6 B8 B9 B15 B16 B17 B22 B23 B25 C1 C3 C7 C8	O/a titor/a da Facultade realizará a avaliación do contido do portafolios cos seguintes criterios: - Capacidade de relación teoría-práctica - Dominio conceptual e capacidade analítica - Capacidade para relacionar ideas e accións - Capacidade de argumentar e fundamentar - Expresión escrita propia e claridade expositiva - Capacidade de descrición de escenarios, situacións e accións - Capacidade de autoavaliación e autocrítica Orixinalidade da proposta	45
Outros			

Observacións avaliación

a) Requisitos para superar a materia:

- Para aprobar a materia será necesario superar os seguintes elementos da avaliación: practicas pedagóxicas e portafolios.

b) Elementos da avaliación que se poden recuperar na segunda oportunidade de avaliación (xullo):

- As practicas non poden recuperarse, polo que a cualificación obtida nas mesmas na oportunidade de xuño, mantense para a oportunidade de xullo. Isto supón que un suspenso nas mesmas na oportunidade de xuño implica a non superación da materia.
- Os seminarios e as xornadas (caso do practicum II) non se poden recuperar, polo que a cualificación obtida nos mesmos na oportunidade de xuño, mantense para a oportunidade de xullo.
- O portafolios pode recuperarse, polo que o alumnado que non supere o cartafol na oportunidade de xuño terá a ocasión de melloralo para a oportunidade de xullo, conservando sempre as cualificacións dos demais elementos da avaliación.

c) Cualificacións:

- A cualificación final será a media das puntuacións obtidas en cada un dos elementos da avaliación segundo o seu peso respectivo.
- No caso de non superar algunha das partes de obrigatoria superación da materia, a nota final será a nota da parte non superada.
- Non realizar as practicas pedagóxicas estando matriculado na materia supón un Non Presentado.
- No caso de non presentar o portafolio tendo as prácticas pedagóxicas superadas supón obter como máximo a cualificación de suspenso 4.



Fontes de información

Bibliografía básica	AGUADO ODINA, T. (coord.) (2010). Diversidad e igualdade en educación. Madrid: UNED. CARBONELL SEBARROJA, J. (2008). Una educación para mañana. Barcelona: Octaedro. CARBONELL SEBARROJA, J. (2009). La vida escolar en un curso: cosas que non sempre se explican. Barcelona: Graó. CASADO ROMERO, A. (2010). Aprender a ser maestro: creencias de los estudantes de Magisterio sobre la interacción en el aula. Cuenca: Universidad de Castilla-La Mancha. CAMPS, V. (2008). Creer en la educación. La asignatura pendiente. Barcelona: Península. CASTELLS CUIXART, P. (2011). Tenemos que educar: ideas para acabar con la crisis de autoridade y la mala educación. Barcelona: Península. DOMENECH, J. y GUERRERO, J. (2005). Miradas a la educación que queremos. Barcelona: Graó. ESCUDERO PEREZ, J. y MARTINEZ TEN, L. (Coord.) (2011). Ochenta actividades para educar lúdicamente en valores y cidadanía. Madrid: Los Libros de la Catarata. ESTEVE, O., MELLE, K. y ANSINA, A. (Coord.) (2010). Creando mi profesión. Una proposta para el desenvolvemento profesional do profesorado. Barcelona: Octaedro. GARCIA ARETIO, L. (2009). Claves para la educación: actores, agentes y escenarios en la sociedade actual. Madrid: UNED. GIMENO SACRISTAN, J. (Comp.) (2006). La reforma necesaria. Entre la política educativa y la práctica escolar. Madrid: Morata. MAÑU NOAIN, J. (2010). Docentes competentes. Por una educación de calidad. Madrid: Narcea. ORTEGA, R. (Coord.) (2010). Agresividade injustificada, bullying y violencia escolar. Madrid: Alianza. PEREZ SERRANO, G. (2010). Aprender a convivir: el conflicto como oportunidade de crecemento. Madrid: Narcea. RODICIO-GARCÍA, M.L. e IGLESIAS-CORTIZAS, M.J. (2011). El acoso escolar. Diagnóstico y prevención. Madrid: Biblioteca Nueva. RODRIGUEZ JARES, X. (2006). Aprender a convivir. Vigo: Xerais. SANCHO GARGALLO, M. et al. (2007). Nuevos retos para convivir en las aulas: construyendo la escuela cívica. Madrid: Fundación Europea Sociedade y Educación. SEGOVIA GARCIA, N. (2006). Aplicación de las TIC a la docencia. Usos prácticos de las nuevas tecnoloxías. Vigo: Ideas Propias. SUBIRATS, M. y TOME, A. (2007). Balones fuera: reconstruir los espacios desde la coeducación. Barcelona: Octaedro.
Bibliografía complementaria	CANTÓN MAYO, I. (Coord.) (2009). Narraciones de la Escuela. Barcelona: Editorial Davinci. CANTÓN MAYO, I. (Coord.) (2010). Narraciones de maestros. Barcelona: Editorial Davinci. DIEZ NAVARRO, C. (2003). El piso de abajo de la escuela. Barcelona: Graó. McCOURT, F. (2005). El profesor. Madrid: Maeva. PENNAC C. (2008). Mal de escuela. Barcelona: Mondadori. TONUCCI, F. (1994). Con ojos de niño. Barcelona: Barcanova (6ª ed.). TONUCCI, F. (1988). Niño se nace. Barcelona: Barcanova (2ª ed.). TONUCCI, F. (1989). Cómo ser niño. Barcelona: Barcanova. TONUCCI, F. (1993). La soledad de los niños. Barcelona: Barcanova. TONUCCI, F. (2003). Cuando los niños dicen ¡Basta! Madrid: Fundación Germán Sánchez Ruipérez.

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Recoméndanse os envíos dos traballos telemáticamente, e de non ser posible, nos documentos impresos non utilizar plásticos, elixir a impresión a dobre cara, empregar papel reciclado e evitar imprimir borradores.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente de acordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías